

ADDENDA AO PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DO POLÍGONO DO TAMBRE PARA O ESTABLECEMENTO DUN MARCO DE ACTUACIÓN CONXUNTA EN FAVOR DO DESENVOLVEMENTO DO ESPÍRITO EMPRENDEDOR NO MARCO DE EDUEMPRENDE

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2013

REUNIDOS

Dunha parte, don Jesús Vázquez Abad, Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei do Parlamento de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.

Doutra, don Jesús J. Chenel Noya, presidente da Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre, en nome e representación de devandita organización, elixido coma tal na Asemblea Xeral Ordinaria celebrada o 25 de maio de 2011, e continúa a ocupar este cargo, segundo marcan os estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

1. Que en decembro de dous mil trece asinouse un protocolo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre (Santiago de Compostela) para establecer un marco de actuación conxunta en favor do desenvolvemento do espírito emprendedor no marco de [Eduemprende](#), de acordo cos catro eixes do plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia
2. Que na cláusula cuarta do protocolo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre (Santiago de Compostela) establécese que as accións específicas concretaranse na correspondente addenda
3. Que en desenvolvemento do protocolo de colaboración mencionado ponse en marcha con esta addenda unha primeira actuación na comarca de Santiago para fomento dos valores emprendedores no alumnado de educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

En virtude do exposto e no exercicio das competencias que teñen atribuídas, as partes intervinientes formalizan a presente addenda con base nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. O obxecto desta addenda é a posta en marcha do programa Eduemprende- Atrévete Santiago a desenvolver na comarca de Santiago, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre.

Este programa quere dar a coñecer ao profesorado e alumnado o tecido industrial de Santiago, en concreto as empresas do Polígono do Tambre, e sensibilizar á comunidade educativa da importancia de construír e fomentar unha nova cultura emprendedora.

Segunda. O programa está composto por:

- Xornadas de fomento do emprendemento



Está dirixido ao alumnado de sexto de Educación Primaria e de segundo curso de Educación Secundaria Obrigatoria. Consisten na realización de visitas á Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre, reunión cun emprendedor ou unha emprendedora, visita a empresas da zona industrial e/ou encontros nos colexios con emprendedores, empresarios e persoal da asociación

- Concurso “Atrévete a ter unha idea”

Dirixido ao alumnado participante nas xornadas. Consiste en buscar unha boa idea de negocio, redactada como máximo en dous folios. Os traballos serán individuais e premiarase con 2 ebooks as dúas mellores ideas de 6º de Educación Primaria e de 2º de Educación Secundaria Obrigatoria.

En xuño levarase a cabo a clausura do programa nun acto público ao que estarán invitados representantes do mundo da empresa e da Administración educativa.

Terceira. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria se compromete a seleccionar os centros educativos participantes no programa, a coordinar as actuacións entre a Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre e os centros educativos, a difundir o programa Eduemprende- Atrévete Santiago entre o profesorado e o alumnado dos centros así como a realizar o seguimento do mesmo.

Cuarta. A Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre se compromete a pór as súas instalacións, o persoal técnico e responsables das empresas que se atopan no mesmo á disposición do desenvolvemento do programa.

- Nas xornadas de fomento do emprendemento participará o persoal técnico e os empresarios que desenvolvan as súas actividades no Polígono do Tambre. Acompañarán ao profesorado e o alumnado durante estas xornadas.

- No concurso “Atrévete a ter unha idea” comprométese a facilitar os premios, un ebook a cada unha das dúas mellores ideas de 6º de Educación Primaria e de 2º de Educación Secundaria Obrigatoria presentadas polo alumnado participante no concurso.

Tamén se compromete a colaborar coa Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa na recollida dos datos das actividades desenvolvidas para a súa difusión.

Quinta. Establecerase unha comisión para a resolución do concurso que estará constituída por:

- Dous representantes nomeados pola Subdirección Xeral de Formación Profesional
- Dous representantes nomeados pola Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre

Sexta. Sempre dentro do marco establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, a Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre poderá recoller datos dos asistentes ás actividades incluídas nesta addenda, coa finalidade de xestionar eficazmente o seu desenvolvemento, e informar aos asistentes de novas actuacións do seu interese no futuro. Estes datos tamén poderán ser cedidos á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o axeitado seguimento, control e supervisión das accións incluídas nesta addenda.

Sétima. Esta addenda entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de xullo de 2014 , podendo prorrogarse por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Non obstante, a addenda poderá denunciarse por calquera das partes.

Lida a presente addenda, atópana conforme e asínana na data e lugar indicados ao comezo.

O Conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

Asdo.: Jesús Vázquez Abad

O presidente da Asociación de Empresarios
do Polígono do Tambre

Asdo.: Jesús J. Chenel Noya